

**ORDENANZA FISCAL Nº 17 REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIAS
DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSCRIPCIÓNS REXISTRAIS, RENOVACIÓN
DE LICENCIAS, MODIFICACIÓNS E CANCELACIÓNS REXISTRAIS DOS MESMOS, ASI COMO
POR INSCRIPCIÓN NO CENSO MUNICIPAL DE TODO TIPO DE CANS, AS SÚAS
MODIFICACIÓNS E CANCELACIÓNS**

ARTIGO 1º.—OBXECTO

De conformidade co disposto nos artigos 15º ó 19º en relación co artigo 20º da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, establécese a Taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licencias, as súas renovacións, inscricións rexistradas e as súas modificacións e cancelacións de animais potencialmente perigosos así como pola inscrición no censo municipal de todo tipo de cans, as súas modificacións e cancelacións..

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

O feito imponible da Taxa é a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas na normativa correspondente para a concesión da licenza de animais potencialmente perigosos a actividade de control que se efectuará nas renovacións que da mesma deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas Tarifas desta Ordenanza, así como polas actividades de inscrición no censo municipal de todo tipo de cans e as súas modificacións e cancelacións.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da Taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición, modificación e cancelación no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, e os propietarios que soliciten a expedición da licenza ou que renoven a mesma, así como os propietarios que soliciten a inscrición, modificación e cancelación no censo municipal de todo tipo de cans.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

1.—Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1º e 39º da Lei Xeral Tributaria.

2.—Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40º da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—DEVENGO

1.—O devengo da taxas producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible.

ARTIGO 6º.—TARIFAS

1.—Expedición de licencia	18,18
2.—Renovación de Licencias	9,09
3.—Inscrición no Rexistro Municipal de Animais Perigosos	18,18
4.—Modificacións no Rexistro Municipal de Animais Perigosos	9,09
5.—Cancelación no Rexistro Municipal de Animais Perigosos.	9,09
6.—Inscrición no censo municipal de todo tipo de cans	3,63
7.—Modificación do censo municipal de todo tipo de cans	1,82
8.—Cancelacións do censo municipal de todo tipo de cans	1,82

ARTIGO 7º.—INGRESO DA TAXA

O ingreso da Tasa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ó acto que o motiva.

ARTIGO 8º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos, 77º e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Quedan exentos da obriga de obtención de licenza municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa de organismos públicos ou privados que utilicen estes animais cunha finalidade social.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

**ORDENANZA FISCAL Nº 19 REGULADORA DAS TAXAS POR IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS
NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE CANGAS**

NATUREZA E FUNDAMENTO ARTIGO 1º.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece as TAXAS POR IMPARTICIÓN DE ENSINANZAS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DE CANGAS, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

FEITO IMPOÑIBLE ARTIGO 2º.

Constitúe o feito imponible da Taxa, a prestación dos servicios consistentes na impartición de ensinanzas no Conservatorio Profesional de Música do Concello de Cangas.

SUXEITO PASIVO ARTIGO 3º.

Serán suxeitos pasivos destas Taxas as persoas que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servicios ou actividades que se detallan na tarifa desta Taxa.

COTA TRIBUTARIA ARTIGO 4º.

A estrutura e contía das taxas a satisfacer ó Concello polos alumnos, será a que figura na seguinte

TARIFA:*—Punto 4.1.—Cota Tributaria.**Grao elemental*

Cursos (1º, 2º, 3º e 4º)	Matricula	106,58 €
	Cota trimestral	30,45 €
Matricula de cada materia pendente	35,53 €
Proba de acceso 1º curso	15,23 €
Proba de acceso cursos 2º, 3º e 4º	25,38 €

Grao profesional

Cursos 1º e 2º	Matricula	253,75 €
	Cota trimestral	50,75 €
Cursos 3º e 4º	Matricula	279,13 €
	Cota trimestral	50,75 €
Cursos 5º e 6º	Matricula	304,50 €
	Cota trimestral	50,75 €
Matricula de cada materia pendente	25,38 €
Proba de acceso Grao profesional	40,60 €